

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DO VALADOURO PARA A CELEBRACIÓN DO MERCADO DE PRIMAVERA 2025

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello do Valadouro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello do Valadouro para a celebración do Mercado de Primavera 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- As primeiras referencias a un mercado en Ferreira do Valadouro datan do século XVII, tal e como aparecen anotadas nun arquivo de 1615 que describe visitas nese mesmo ano do bispo Messia de Tovar, no que se indica o procedemento para vender gando, a puxa e as festas a celebrar.



No Libro de Fábrica das parroquias de Budián e A Laxe hai un arquivo do ano 1733 do párroco D. Ángel Castañón y Ayala relativo ao preito que se realizaba para pechar o mercado no Valadouro. Nel queda reflectido que os nobre e o párroco sostiñan que de maneira tradicional, e moito tempo antes, existen mercados de gran importancia os sábados e os martes de Pascua e de Pentecoste, e os días da Virxe: día da Purificación (2 de febreiro), día da Anunciación (25 de marzo), día da Asunción (15 de agosto), día de Natividade (8 de setembro) e día da Concepción (8 de decembro).

Xa se observaba a importancia da celebración do 25 de marzo. Nos Libros de Feiras e Mercados do Concello do Valadouro consígnase a redución de datas aos sábados, o 2 de febreiro, 25 de marzo e 8 de setembro. Por erro de transcripción os dous martes de feira de Pascua e Pentecoste quedan reducidos a un único mercado, transcrito como martes de Pascua e Pentecoste.

Durante os séculos XVIII e XIX segue desenvolvéndose sen interrupción o mercado semanal do sábado e o anual fixado en tres datas de especial significación, 2 de febreiro, 25 de marzo e 8 de setembro, sendo o celebrado o 25 o mercado de primavera, do cal o Concello asumiu a súa organización a partir do ano 2007.

A importancia deste mercado é capital para entender a concepción da vila de Ferreira e o seu desenvolvemento ata que a finais do século XIX é favorecida pola concesión de título de vila.

O mercado vai xerminando ao lado dun itinerario no que transitaba a estrada de Mondoñedo a Viveiro, ademais da existencia previa dunha casa hospital como dispensario de comerciantes e mercadores que facían a ruta norte xunto a ocasionais peregrinos. A construción dunha antiga ermida de advocación mariana é un elemento esencial para construír este mercado e a vila de Ferreira. Os grandes mercados anuais celébranse ao abeiro de festividades relixiosas nas que o antigo templo é centro de romarías na honra da Virxe.

A transición dun mercado temporal a un permanente, o establecemento de comerciantes procedente de Castela e da Magaratería, xunto con chegada de inmigrantes procedentes de Cuba, vai modificando a paisaxe urbana de Ferreira, construíndo casas, edificios, tendas, bancos, etc. Ese desenvolvemento de Ferreira ó redor deste mercado fundacional ve recoñecido a súa importancia coa concesión de título de vila o 27 de xaneiro de 1894.

A personalidade de Ferreira, a súa fisionomía vilega entre os séculos XIX e XX, sempre vai paralela ao mercado que daba o seu máximo esplendor no Mercado de Primavera. Seguramente



causas socioeconómicas fixo que a mediados do século XX se prescindira do mercado anual, quedando o semanal como a tradición máis constante ata nosos días.

Terceiro.- No 2007 a Asociación Cultural Deportiva do Valadouro, en colaboración co Concello, aborda a recuperación do Mercado. Desde ese ano celébrase o sábado máis próximo ao 25 de marzo esta festa que rememora as vellas feiras desta localidade da Mariña, e onde se unen tradición e diversión.

Nesta edición 2025 do Mercado de Primavera ofrécense unha serie de postos para que os negocios locais e veciños poidan expoñer os seus produtos que, en moitas ocasións, proveñen do excedente das hortas das casas de labranza do val. Como a produción agraria vai a menos, quedan postos vacantes para que outros produtores e artesáns poidan vir expoñer e vender o seu produto.

Un dos puntos a ter en conta son as distintas demostracións de oficios tradicionais e que xa case están en perigo de extinción como poden ser o ferreiro, o zoqueiro, a fiadora, a tecedora ,...que como cada ano van amosar o seu traballo na Praza de Santa María.

Outro dos incentivos desta actividade é que a poboación, en xeral, e a máis nova, en particular, involúcrase ata o punto de que os grupos de rapaces se atavían como fai anos e incluso chegan a andar en zocas e pantalón de pana toda a xornada. Como xa se comentou anteriormente e para incentivar este aspecto, organízase un desfile tradicional onde se valora a indumentaria tradicional onde os gañadores levan un galardón e un pequeno premio.

Tamén para involucrar ós locais comerciais organízase un concurso de escaparates “enxebre” onde se valoran por un lado os locais hostaleiros e por outro os locais comerciais.

Coa realización deste mercado tradicional tamén se pretende dinamizar a vida socio-cultural de todos os veciños da vila así como de todos os visitantes que se achegan. Neste senso, cóntase animar as rúas de Ferreira con agrupacións musicais durante toda a xornada para que o ánimo non caia.

Cuarto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 recolle, dentro da “Misión 1. Galicia, destino auténtico e diferencial”, a “Medida Estratéxica 1.8. Galicia é Festa”. Nela indícase que as festas populares son unha mostra da identidade cultural e a tradición do territorio galego, polo que están chamadas a converterse nun reclamo turístico único, que pode atraer a diferentes perfís de turistas durante todo o ano combatendo así a estacionalidade do turismo. Por iso, é



imprescindible promover tanto as Festas de Interese Turístico coma os eventos e celebracións populares que poñen en valor a nosa cultura, historia ou tradicións, resaltando a nosa singularidade.

Ademais das festas declaradas de interese turístico, cada vez xorden mais eventos que se caracterizan pola súa importancia mobilizadora de demanda turística e que supoñen un incremento de visitantes en diferentes municipios e áreas rurais, o que facilita a distribución do turismo por todo o territorio galego contribuído a unha maior cohesión e equilibrio turístico, evitando a concentración nas grandes cidades ou áreas costeiras. Tamén contan con un importante efecto desestacionalizador

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello do Valadouro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

